

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 4 de xullo de 2018 pola que se convoca o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda de acceso libre.

Advertido erro na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, núm. 134, do 13 de xullo de 2018, procede en virtude do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, corrixir o dito erro, así no anexo III relativo aos exercicios na páxina 33449, onde di: «As marcas máximas (en minutos e segundos) exixidas para a superación da proba son: homes: 7'40", mulleres: 8'20"», debe dicir: «As marcas máximas (en segundos) exixidas para a superación da proba son: homes: 7,40", mulleres: 8,20"».

